

NOME DA ACTIVIDADE (Para o profesorado)

- **Imos ao cine**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **A1/A2**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **INDIVIDUAL E EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Léxico específico.
- Comunicación oral, exposición e debate.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado desenvolva estratexias de expresión oral.
- Que o alumnado debata e defenda unha película diante das outras.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- Hai que intentar que a carteleira que lle amosemos sexa o máis variada posible, diferentes xéneros e estilos para que tamén haxa variedade na escolla.
- Non se trata de convencer os demais para sinalar que película é a mellor senón de expoñer os motivos das escollas.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O docente distribúelle ao alumnado un folleto que recolla a sinopse das películas da semana na carteleira.

Despois dunha lectura individual e silenciosa, cadaquén elixirá a película que lle gustaría ver, anotando na ficha o título, as razóns da súa elección e as expectativas que estableceu a partir da síntese do argumento recollida nalgún xornal.

A continuación, o docente anotará no encerado os títulos das películas seleccionadas polo alumnado e lerá en voz alta a sinopse das tres máis votadas. Explicaranse ao final as razóns da súa elección e as expectativas que o alumnado creou arredor das máis votadas.

MATERIAIS PARA A FICHA

Contidos lingüísticos

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">- A película que máis me gustou foi...- A película que máis me interesa é...- A película coa que mellor o pasei foi...- Sen dúbida a película que máis paga a pena é... porque... |
|---|

Ficha

Título da película:

Sinopse:

Razóns da escolla:

Expectativa:

O labirinto do fauno. Guillermo del Toro

Ano 1944, hai cinco anos que rematou a Guerra Civil española. Ofelia, unha nena de trece anos, trasládase canda a nai, Carmen, quen está a piques de dar a luz, a unha aldea na que vive Vidal, o novo marido da nai, polo que Ofelia non ten aprecio ningún. Vidal é un capitán do exército franquista encargado de rematar cos restos da resistencia republicana da zona. No muíño, centro de operacións de Vidal, viven tamén Mercedes e o médico da aldea. Un día Ofelia atopa nas ruínas dun labirinto un fauno que lle fará unha inquietante revelación.

Pan's labyrinth, España e México, 2006

Xénero e duración: Drama/ Fantástico, 112

Dirección: Guillermo del Toro

Reperto: Sergi López (Vidal), Maribel Verdú (Mercedes), Ivana Baquero (Ofelia), Álex Angulo (doutor), Ariadna Gil (Carmen), Doug Jones (fauno), César Bea (Serrano), Manuel Solo (Garcés), Roger Casamajor (Pedro).

Eu son a Juani. Bigas Luna

Juani é unha rapaza nova con moitos problemas na casa e co seu mozo, co que leva desde os quince anos. Un día, farta dos celos e indecisións do mozo, decide romper con todo, saír adiante e loitar polo que ela quere. Juani soña con ser actriz e que ninguén dubide que o ha conseguir.

Yo soy la Juani, España, 2006

Xénero e duración: Comedia dramática, 90'

Dirección: Bigas Luna

Interpretación: Verónica Echegui (Juani), Dani Martín (Jonah), Laya Martí (Vane), Gorka Lasasa (Nacho), José Chaves (Pai de Juani), Mercedes Hoyos (Nai de Juani), Marcos Campos (Marcos), Manuel Santiago (Raúl), Ferran Madico (Olavarría), Benito Sagredo (el Capi), Gaelle Diego (Loles).

Chamando ás portas do ceo. Wim Wenders

O antigo ídolo de masas Howard Spence tivo unha vida plena rodeado de mulleres fermosas e relacións moi axitadas. Con máis de cincuenta anos Howard está farto de si mesmo, gasta o tempo entre o alcohol e as mulleres, e da porta da súa casa con rodas colga un cartel que di 'Non veñan chamando'. O que en realidade esconde esta a actitude é a necesidade e o desexo de axuda e comprensión.

Don't come knocking , Alemaña, EUA e Francia, 2005

Xénero e duración: Drama, 122'

Dirección: Wim Wenders

Reperto: Sam Shepard (Howard Spence), Jessica Lange (Doreen), Tim Roth (Sutter), Sarah Polley (Sky), Gabriel Mann (Earl), Eva Marie Saint (nai de Howard), Fairuza Balk (Amber), James Gammon, Marley Shelton (Starlet), George Kennedy (Director), Tom F. Farrell (Cliff Ormsby).